



TEMA 4. Como usar Creative Commons

Xa coñecemos que hai distintos tipos de licenzas **Creative Commons** pero como podemos empregalas ou mellor dito... neste caso... como podemos combinalas para axustar o noso traballo e decidir como queremos compartilo co resto do mundo

Combinacións

Partindo dos catro tipos de licenza Creative Common que tratamos no tema 2 podemos realizar diversas **combinacións** que definen como o resto do mundo pode empregar e difundir o noso traballo e como podemos empregar e difundir nos o do resto do mundo. Son as seguintes:

Recoñecemento (by)



Permítese calquera explotación da obra, incluíndo unha finalidade comercial, así como a creación de obras derivadas, cuxa distribución tamén está permitida sen ningunha restrición.

Recoñecemento- Non Comercial (by-nc)



Permítese a xeración de obras derivadas sempre que non se faga un uso comercial.
Tampouco se pode utilizar a obra orixinal con finalidades comerciais.

Recoñecemento - Non Comercial - Compartir Igual (by-nc-sa):



Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas.
Ademais a distribución destas debería facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Recoñecemento - Non Comercial - Sen Obra Derivada (by-nc-nd):



Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas.

Recoñecemento - Compartir Igual (by-sa):



Permítese o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, pero a distribución destas debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Recoñecemento - Sen Obra Derivada (by-nd):



Permítese o uso comercial da obra pero non a xeración de obras derivadas.

É MOI IMPORTANTE TER EN CONTA AS LICENZAS DE CADA UN DOS CONTIDOS
COS QUE REALIZAMOS UN MATERIAL FINAL XA QUE PODEN SER INCOMPATIBLES
ENTRE ELAS.

Por exemplo, podemos empregar algunhas con posibilidade comercial e outras non, polo
que a licenza final sera "NON COMERCIAL".

Adaptado dos contidos de <http://es.creativecommons.org/>